



**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 11 DE NOVEMBRO DE 2022**

**PRESIDENTE:** D. José Domingo Rodríguez Ferreira, Xefe do Servizo de Contratación e Fomento.

**SECRETARIO DA MESA:** D. Manuel A. Trabado Trabado, Xefe da Unidade de Obras e Plans do Servizo de Contratación e Fomento.

**VOGAIS:** D. Pablo Seoane Cancelo, Asesor Técnico do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Secretario Xeral da Corporación.

D. Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto, en substitución da Interventora da Corporación.

D<sup>a</sup>. Margarita Tarrío Álvarez, Xefa da Sección de Contratación Xeral, do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación.

D. Jose Fernández Parajes, Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras da Deputación.

Sendo as doce e nove minutos do día 11/11/2022, baixo a Presidencia de D. José Domingo Rodríguez Ferreira, constituíse a Mesa de Contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos figurados na convocatoria efectuada con data 08/11/2022.

Por orde da Presidencia, pola Secretaria da mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

**1.- POL-CASTROVERDE.- CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL", P.K. 106+500 A 107+887 (EXPTE GTM: 2022/CON\_02/000069)**

a) *Apertura e cualificación administrativa do arquivo "documentación administrativa".*

b) *Apertura do arquivo "oferta técnica", e valoración, de ser o caso, e propostas.*

**ASUNTO 1.- POL-CASTROVERDE.- CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL", P.K. 106+500 A 107+887 (EXPTE GTM: 2022/CON\_02/000069)**

Pola Presidencia, dáse conta das empresas presentadas así como as datas na que presentaron as ofertas á contratación da obra identificada como **POL-CASTROVERDE.- CONSTRUCCIÓN DE PONTE SOBRE O RÍO AZÚMARA, ENSANCHE E MELLORA DA LU-P-1611 "CINTURÓN COMARCAL", P.K. 106+500 A 107+887**, segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 11/10/2022 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados constan relacionados no expediente.

O prazo de presentación de ofertas (término) remataba ás 23.59 horas do día 08/11/2022.

As empresas presentadas foron:

ESTRUCTURAS TÉCNICAS Y SERVICIOS DE REHABILITACIÓN, S.L.

**a) Apertura e cualificación administrativa do arquivo "documentación administrativa".**

De seguido procedeuse á apertura do arquivo dixital "documentación administrativa" e exame da documentación administrativa presentada pola empresa admitida á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptala.


**b) Apertura do arquivo "oferta técnica"**

A continuación, de orde da Presidencia, procédese á apertura do arquivo dixital "oferta técnica" que contén a oferta técnica, memoria técnica relativa á execución da obra, criterio cuantificable mediante xuízo de valor, nos termos expresados no PCAP.

	IV7AEAP7BYX2VGM447VU6BDS5Y	<b>Fecha y Hora</b>	16/11/2022 13:04:58
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ FERNÁNDEZ PARAJES		
<b>Firmado por</b>	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ		
<b>Firmado por</b>	MANUEL ROEL HERNÁNDEZ SERRANO (Interventor Adxunto)		
<b>Firmado por</b>	PABLO SEOANE CANCELO		
<b>Firmado por</b>	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)		
<b>Firmado por</b>	MANUEL TRABADO TRABADO		
<b>Url de verificación</b>	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AEAP7BYX2VGM447VU6BDS5Y	<b>Página</b>	1/2



Na apertura do sobre figura unha alerta de validación de sinatura.



Unha vez aberto o arquivo, a vista que non se pudo comprobar a validación, acordouse requirir ao licitador para que proceda á súa sinatura, sen alteración do contido do documento.

Así mesmo a mesa faculta ao Servizo de Contratación e Fomento para recibir, no seu caso, a subsanación indicada, e unha vez verificada a mesma, dea traslado ao Servizo de Vías e Obras para a súa valoración como criterio de xuízo de valor.

E non habendo máis asuntos que tratar, O Presidente levanta a sesión, sendo as doce e vinte e oito minutos do día de referencia, de todo o cal eu o Secretario da mesa, Certifico, asinándose dixitalmente a presente acta a efectos de deixar constancia do acontecido na Mesa de Contratación telemática referida no encabezado.

O PRESIDENTE DA MESA, José Domingo Rodríguez Ferreira

O SECRETARIO DA MESA, Manuel A. Trabado Trabado

VOGAIS:

Pablo Seoane Cancelo

Manuel Roel Hernández-Serrano

Margarita Tarrío Álvarez

Jose Fernández Parajes

	IV7AEAP7BYX2VGM447VU6BDS5Y	<b>Fecha y Hora</b>	16/11/2022 13:04:58
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSÉ FERNÁNDEZ PARAJES		
<b>Firmado por</b>	MARGARITA TARRÍO ÁLVAREZ		
<b>Firmado por</b>	MANUEL ROEL HERNÁNDEZ SERRANO (Interventor Adxunto)		
<b>Firmado por</b>	PABLO SEOANE CANCELO		
<b>Firmado por</b>	JOSE DOMINGO RODRIGUEZ FERREIRA (Xefe de Servizo Contratación e Fomento)		
<b>Firmado por</b>	MANUEL TRABADO TRABADO		
<b>Url de verificación</b>	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7AEAP7BYX2VGM447VU6BDS5Y	<b>Página</b>	2/2

